

RESTAURACIÓN DE VIDRO: TESTEO DE PRODUCTOS

Antía Trigo Charlín · antia130823@gmail.com · Curso 2022-2023

OBXECTIVOS

O obxectivo principal da investigación é determinar cal ou cales dos adhesivos propostos para o ensaio serían os máis adecuados para a adhesión de fragmentos de vidro, en función das características e necesidades de cada caso.

Outros obxectivos específicos:

- Avaliar as características dalgúns produtos utilizados na restauración de vidro ou destinados para o seu uso con dito material
- Determinar se algún dos produtos presenta propiedades óptimas para a adhesión de vidro arqueolóxico e histórico.
- Concluir cal sería o mellor método de aplicación.
- Valorar o grao de penetración dos adhesivos ó seren aplicados por inxección.
- Comparar o seu comportamento antes e despois de seren expostos a radiación UV

METODOLOXÍA

Esta investigación consta de dúas partes principais:

Fase teórica:

- Procura de información acerca da restauración de vidro arqueolóxico.
- Búsqueda de bibliografía acerca de produtos adhesivos específicos para material vítreo.
- Consulta bibliográfica especializada

Fase experimental:

- Selección do material vítreo e produtos a testar (Paraloid B72, Hxtal NYL-1, Araldite 2020 e UHU Led Light Booster).
- Elección das probas.
- Documentación fotográfica.
- Organización e preparación de probetas vítreas.
- Adhesión de todas as mostras cos diferentes adhesivos mediante tres métodos de aplicación diferentes: impregnación de toda a superficie do bordo a adherir con pincel, aplicación puntual do adhesivo na zona de adhesión e por inxección.
- División das mostras.
- Realización dos ensaios: probas de forza, exposición UV e distribución.
- Recompilación, análise e interpretación dos resultados obtidos.

CONCLUSIÓNS

A modo de conclusión xeral, ningún dos adhesivos probados é perfecto en todos os aspectos.

Algúns teñen gran capacidade adhesiva pero pouca ou nula reversibilidade, podendo usarse na restauración vidros arqueolóxicos e históricos se se atopan en bo estado. Outros son facilmente removibles, polo que serían os máis aptos para vidros que presenten unhas malas condicións de conservación.

